

APROBADO EN CONSELLO DE DEPARTAMENTO DE 30-11-2010

<b>Curso académico</b>	2010/2011
------------------------	-----------

<b>Materia</b>		
652811516-Técnicas de recollida e análise de datos en investigación educativa		
Curso	Ciclo	Profesor responsable do programa
2º.	1º.	Eva María Espiñeira Bellón
Titulación		
Educación Social		
Carácter	Duración (A; 1C; 2C)	Idiomas en que se imparte
Obrigatoria	2C	Castelán/galego

A= Anual; 1C= primeiro cuadrimestre; 2C= segundo cuadrimestre

<b>Departamento</b>			
Código	Nome		
114	Filosofía e Métodos de Investigación en Educación		
<b>Área</b>			
Código	Nome		
114	Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación.		
<b>Centro / Facultade / Escola</b>			
Código	Nome		
652	Facultade de Ciencias da Educación		
Campus	Rúa	Nº	Código postal
Elviña		s/n	15071
Teléfono	Fax	Correo electrónico	
981 167000	981 167153		

<b>Profesorado e tutorías</b>			
<b>Profesora</b>			
Nome	Despacho	Extensión	Correo electrónico
<b>Eva María Espiñeira Bellón</b>	<b>P1A20</b>	<b>1891</b>	<b>eva.espineira@udc.es</b>
<b>Tutorías</b>			
<b>1º Cuadrimestre</b>		<b>2º Cuadrimestre</b>	
Días semana	Hora	Días semana	Hora
Martes	16.00h – 18.00h	Luns	12.00h – 13.30h
Mércores	11.00h – 13.00h	Mércores	11.00h – 12.00h
		Xoves	17.00h – 18.30h

PROGRAMA XERAL DA MATERIA
<b>Contexto</b>
<p>Con esta materia pretendemos afondar nas fases ou etapas relevantes do proceso de investigación en educación, nas diferentes técnicas que podemos empregar para a recollida de datos ou de información e nas de análise dos datos e da información. Teremos en conta as distintas concepcións epistemolóxicas que se poden aplicar ás situacións sociais e seleccionaremos a máis adecuada para solucionar o problema ao que se enfrenta o educador social como investigador.</p>
<b>Obxectivos</b>
<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Coñecer, comprender e valorar as características da metodoloxía de investigación.</li> <li>2. Comprender os procedementos para a realización de investigacións.</li> <li>3. Comprender os diferentes enfoques de investigación, e a súa adecuación para cada problema obxecto de estudo nos ámbitos educativos e sociais.</li> <li>4. Observar, analizar e interpretar con criterios científicos a realidade socio-educativa susceptible de investigación para a procura de melloras.</li> <li>5. Formular adecuadamente os problemas.</li> <li>6. Documentarse sobre o estado da cuestión dos problemas a investigar consultando fontes bibliográficas e documentais.</li> <li>7. Seleccionar o deseño.</li> <li>8. Seleccionar as técnicas e elaborar os instrumentos de recollida de información e datos.</li> <li>9. Seleccionar as técnicas adecuadas para o tratamento e análise dos datos.</li> <li>10. Interpretar os resultados e extraer ou deducir as conclusións, e propoñer recomendacións.</li> <li>11. Elaborar informes.</li> <li>12. Analizar criticamente as investigacións.</li> </ol>
<b>Competencias</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identificar e analizar os factores contextuais que lle afectan aos procesos socioeducativos.</li> <li>- Comprender os fundamentos de deseño e emprego dos medios e recursos para a acción socioeducativa.</li> <li>- Coñecer e saber empregar as fontes de información.</li> <li>- Analizar, sintetizar e valorar criticamente a información.</li> <li>- Capacidade crítica e autocrítica.</li> <li>- Saber traballar en equipo de maneira colaborativa.</li> <li>- Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.</li> </ul>
<b>Contribución ao desenvolvemento de habilidades e destrezas</b>
<p>Para conseguir as competencias anteriormente indicadas, requírese que o alumnado realice actividades que favorezan a súa mellora ou a adquisición das seguintes habilidades e destrezas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- abstraer a información máis relevante dun texto teórico.</li> <li>- analizar diferentes textos teóricos dende un punto de vista reflexivo e crítico.</li> <li>- traballar en grupos reducidos para conseguir un consenso no resultado final do traballo.</li> <li>- organizar e redactar unha interpretación para una presentación oral ou escrita.</li> <li>- expoñer oralmente y de maneira razoada unha interpretación.</li> <li>- valorar e seleccionar recursos didácticos.</li> </ul>
<b>Título</b>
Temario teoría
<p><b>BLOQUE I: Aproximación á Investigación en Educación Social.</b></p> <p>Tema 1. O método científico.  Tema 2. Paradigmas e tipos de investigación en educación.  Tema 3. O proceso xeral de investigación.  Tema 4. Deseños de investigación.</p>
<p><b>BLOQUE II: Técnicas e instrumentos de recollida de información.</b></p> <p>Tema 5. A observación.  Tema 6. A técnica de enquisa.  Tema 7. Escalas de actitude.  Tema 8. Os test e probas criteriosais.</p>

Tema 9. Técnicas grupais. Tema 10. A análise de contido.
BLOQUE III: Tratamento e Análise de Datos. Tema 11. Análises descritivas. Tema 12. Representacións gráficas. Tema 13. Correlacións. Tema 14. Fiabilidade e validez. Tema 15. Introducción á estatística inferencial.
<b>Metodoloxía Didáctica</b>
<p>Cada un dos temas do programa serán desenvolvidos no transcurso da clase co fin de que todo o alumnado comprenda os conceptos implicados na materia. As explicacións acompañaranse de exercicios e exemplos que axuden á comprensión e ao dominio de cada aspecto teórico. Do mesmo modo, para cada un dos temas remitirase ao alumnado a lecturas complementarias.</p> <p>Introduciranse outras metodoloxías como pueden ser a discusión e o traballo individual para a consecución de determinados obxectivos e o traballo cooperativo (procura en bases de datos, determinación do tipo de análise máis apropiada, análise e discusión de informes de investigación, desenvolvemento de exercicios prácticos por parte do alumnado, etc.).</p>
<b>Sistema de Avaliación</b>
<p>Na "avaliación" téñense en conta varios factores:</p> <p><b>A- ALUMNADO QUE ASISTE A TODAS AS CLASES.</b> A súa avaliación ten en conta os seguintes puntos:</p> <ol style="list-style-type: none"><li>1- A "participación en clase", na medida en que a intervención activa en clase lle permita ao profesorado facerse unha mellor idea dos coñecementos, as dúbidas e inquietudes do alumnado. A información adquirida, por parte do profesorado, con este procedemento intégrase coa obtida polo resto de procedementos empregados, e con isto preténdese conseguir unha valoración máis individualizada e completa.</li><li>2- A "realización dos traballos prácticos" de maneira individual ou grupal que se sinalen durante o transcurso das clases permítelle ao alumnado afondar no dominio dalgún/s dos contidos impartidos. Puntuarase a maneira de resolvelos polo alumnado na propia clase ou na entrega destas prácticas ao profesorado para a súa revisión.</li><li>3- A realización do exame final da materia.</li></ol> <p><b>B-ALUMNADO QUE NON PODE ASISTIR A CLASES.</b></p> <p>A súa avaliación ten en conta os seguintes puntos:</p> <ol style="list-style-type: none"><li>1- Non ten que presentar ficha nin ten que realizar ningún traballo práctico, ao non asistir a clase todos os días.</li><li>2- Ao non ter ningún traballo realizado ten que facer o exame final da materia.</li></ol>
<b>Aspectos e criterios de avaliación:</b>
<p>O exame constará de dúas partes ben diferenciadas:</p> <p>A) Parte teórica da materia, que poderá conter tanto preguntas abertas para desenvolver como preguntas tipo test. B) Parte práctica (únicamente referida ao BLOQUE III).</p> <p><b>AMBAS PARTES HABERÁ QUE APROBALAS CUN 5 PARA CONSIDERALAS SUPERADAS.</b></p> <p>Se se suspende algunha das partes, o alumnado examínase de toda a materia na seguinte convocatoria á que se presente.</p> <p>A nota final da materia, sempre que se teñan superado as dúas partes, será a media.</p> <p>Ademais, o alumnado asistente a clase poderá incrementar a súa nota cos traballos presentados ao longo do curso.</p>

<p><b>Orientacións para o estudo:</b></p> <p>O alumnado deberá ser capaz de:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1- sintetizar a materia.</li> <li>2- relacionar toda a temática da materia.</li> <li>3- analizar convincentemente todos os textos que precisen dende varias perspectivas distintas.</li> </ol>
<p><b>Pautas para a mellora e a recuperación:</b></p> <p>O alumnado en horas de titorías, pode solicitar a revisión de todas aquelas actividades que se realicen durante o curso académico. Con esta revisión comentaráselle ao alumnado cal sería a valoración das actividades por parte do profesorado e como pode melloralas.</p> <p>O profesorado cada vez que o alumnado solicite revisión e valoración das actividades anotará todas as observacións que considere oportunas, co obxecto de comprobar se o alumnado mellora a súa aprendizaxe e, sobre todo, para contrastar o traballo continuo do alumnado.</p>
<p style="text-align: center;"><b>Recursos</b></p>
<p><b>Bibliografía básica:</b></p> <p>Arnal, J., Del Rincón, D. y Latorre, A. (1992). <i>Investigación educativa. Fundamentos y metodología</i>. Barcelona: Labor.</p> <p>Azofra, M.J. (1999). <i>Cuestionarios</i> (Cuadernos Metodológicos nº 26). Madrid: CIS.</p> <p>Bisquerra Alzina, R. (2004). <i>Metodología de la investigación educativa</i>. Madrid: La Muralla.</p> <p>Colás, P. y Buendía, A. (1992). <i>Investigación educativa</i>. Sevilla: Alfar.</p> <p>De La Orden, A. (1985). <i>Investigación educativa. Diccionario de Ciencias de la Educación</i>. Madrid: Anaya.</p> <p>De la Herrán (Coord.) (2005). <i>Investigar en educación. Fundamentos, aplicaciones y nuevas perspectivas</i>. Madrid: Dilex.</p> <p>Dendaluze, I. (Coord.) (1988). Aspectos metodológicos de la investigación educativa. (<i>II Congreso Mundial Vasco</i>). Madrid: Narcea.</p> <p>Etxeberria Murgiondo, J. y Tejedor Tejedor, F. J. (2005). <i>Análisis descriptivo de datos en educación</i>. Madrid: La Muralla.</p> <p>García Hoz, V. (1994). <i>Problemas y métodos de investigación en educación personalizada</i>. Madrid: Rialp.</p> <p>García Ferrando, M. (2000). <i>Socioestadística. Introducción a la Estadística en Sociología</i>. Madrid: Alianza.</p> <p>Gil Pascual, J. A. (2000). <i>Estadística e informática (SPSS) en la investigación descriptiva e inferencial</i>. Madrid: UNED.</p> <p>Hernández Pina, F. (1995). Bases metodológicas de la investigación educativa. I. Fundamentos.</p> <p>Hernández Sampieri, R., Fernández Collado, C. y Baptista, P. (2003). <i>Metodología de la investigación</i>. (3ª. Edic.). México: McGraw-Hill.</p> <p>Latorre, A. (2003). <i>La investigación-acción. Conocer y cambiar la práctica educativa</i>. Barcelona: Graó.</p> <p>León, O. y Montero, I. (1993). <i>Diseño de investigaciones. Introducción a la lógica de la investigación en Psicología y Educación</i>. Madrid: McGraw-Hill.</p> <p>Losada, J. L. y López Feal, R. (2003). <i>Métodos de investigación en Ciencias Humanas y Sociales</i>. Madrid: Thomson.</p> <p>Pérez Serrano, G. (Coord.). (2001). <i>Modelos de investigación cualitativa en Educación Social y Animación Sociocultural. Aplicaciones Prácticas</i>. Madrid: Narcea.</p> <p>Rodríguez Gómez, G., Gil Flores, J. y García Jiménez, E. (1996). <i>Metodología de la investigación cualitativa</i>. Málaga: Aljibe.</p>
<p><b>Recursos web:</b></p> <p><a href="http://www.udc.es/dep/fam">http://www.udc.es/dep/fam</a></p> <p><a href="http://www.educacion.udc.es">http://www.educacion.udc.es</a></p> <p><a href="http://www-ice.up.es/upc/ice/ice.nsf">http://www-ice.up.es/upc/ice/ice.nsf</a></p> <p><a href="http://dialnet.inicaja.es">http://dialnet.inicaja.es</a></p> <p><a href="http://www.mec.es">http://www.mec.es</a></p> <p><a href="http://bibloteca.udc.es">http://bibloteca.udc.es</a></p> <p><a href="http://www.um.es/~depmed/RIE">http://www.um.es/~depmed/RIE</a></p> <p><a href="http://www.uv.es/a">http://www.uv.es/a</a></p> <p><a href="http://www.bne.es">http://www.bne.es</a></p> <p><a href="http://aera.net">http://aera.net</a></p>
<p><b>Outros materiais de apoio:</b></p> <p>Fotocopias de texto de fontes primarias.</p>